

# Identidade e arte

## Programa

- 14 abril *Que teñen en común Lisipo e Santiago Sierra?*, Susana Cendán
- 15 abril Achega á colección do Museo do Pobo Galego e á exposición *Portas de luz* do CGAC
- 22 abril *Patrimonio cultural inmediato. Vivencias prepedagóxicas no CGAC en Portas de luz*, Alberto González-Alegre
- 28 abril *A convivencia de dous mundos – arte contemporánea e etnografía– nun mesmo espazo*, María José Iglesias
- 29 abril *O achegamento da arte contemporánea a alumnos de ESO e Bacharelato*, María José Iglesias
- 5 maio *A mirada da antropoloxía*, Manuel Vilar
- 6 maio *Pero existe esa cousa chamada arte contemporánea? Unha achega ao debate sobre as novas modalidades artísticas*, Miguel Vázquez Freire
- 12 maio *Arte e identidade. Unha ferramenta educativa transversal dirixida a adolescentes*, Cecilia Bermúdez, Pili López Noya e Natalia Poncela
- 13 maio *Estratexias para traballar coa arte contemporánea nas aulas de secundaria*, Miguel Vázquez Freire

O curso terá lugar de 18:00 a 20:00 h. Os martes as sesións celebraranse no Museo do Pobo Galego e os mércores no CGAC.

Coordinación Museo do Pobo Galego: Ana Estevez  
Coordinación CGAC: Cristina Trigo

O curso *Identidade e arte* é un proxecto de colaboración entre o CGAC e o Museo do Pobo Galego. Ambas as dúas institucións museísticas comparten un parque e un contorno único, mais tamén a preocupación pola investigación no ámbito do patrimonio cultural e a revisión de conceptos como *arte*, *cultura* ou *identidade*. Neste senso, hai algúns anos os servizos educativos das dúas institucións puxeron en marcha un proxecto que abrangue conversas con estudantes, visitas guiadas aos dous espazos e material de traballo para a aula. A temática destas accións educativas foi a relación entre a arte contemporánea e cuestións como tradición, cultura ou identidade e cómo as diferentes xeracións de artistas galegos do século vinte se achegaron a elas e participaron dos intensos debates que foron suscitando.

O tema segue a ser motivo de estudo e a experiencia que se desenvolveu hai anos resultou moi interesante e acadou un alto índice de participación. Pensamos que continúa a ser unha liña de traballo aberta na que seguir afondando.

Con este fin propoñemos agora a realización dun curso dirixido ao profesorado do ensino secundario no que se analizarán estas cuestións desde diferentes perspectivas.

En primeiro lugar, profundarase no marco conceptual e histórico dos asuntos a tratar buscando sempre a interdisciplinidade; así, contaremos coas achegas de convidados de ámbitos como a historia da arte, a crítica, a filosofía e a antropoloxía que nos van ir levando a comprender mellor o presente en que vivimos e cómo este se reflicte nas producións artísticas.

No curso tamén se analizarán posibles ferramentas e estratexias educativas para traballar estes temas nas aulas.

Os contidos do Museo do Pobo Galego e da exposición do CGAC *Portas de luz. Unha achega ás artes e á cultura na Galicia dos setenta* permitirán poñer en relación as producións de ambos os dous espazos cos contidos do curso.

## Identidade e arte

Curso  
Colaboración do CGAC e o  
Museo do Pobo Galego

14 abril / 13 maio 2009



### Cecilia Bermúdez

Licenciada en Historia da Arte e diplomada en Educación Social pola Universidade de Santiago de Compostela. Comezou a súa andaina profesional no CGAC realizando diversas actividades para o Servizo de Actividades e Proxectos Educativos, entre elas o programa *Charlas con estudantes* e o programa *Arte e identidade cultural* en colaboración co Museo do Pobo Galego. Traballou para outras entidades no eido da educación e a difusión do patrimonio como a Fundación ECCA ou a Asociación Provincial de ANPAS da Coruña. Nos últimos anos exerceu como coordinadora de proxectos culturais desde a empresa privada realizando traballos para diferentes museos e fundacións.

### Susana Cendán Caaveiro

Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora en Historia da Arte Moderna e Contemporánea pola Universidade Complutense de Madrid. Desde 1999 é profesora de Arte e Modernidade e de Historia da Arte na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e desde 2004 imparte docencia tamén na Escola Superior de Deseño Textil e Moda de Galicia. Con anterioridade, foi coordinadora do Servizo de Actividades e Proxectos Educativos do CGAC, asesora cultural no deseño da programación e a posta en marcha do centro de arte Torrente Ballester de Ferrol e crítica de arte no programa *Diario cultural* da Radio Galega, e no xornal *La Voz de Galicia*. Desde 2006 contribúe á sección de crítica de arte no programa *Miraxes* da Televisión de Galicia e colabora na revista especializada en arte contemporánea editada en Galicia *Art Notes*, tarefa que compaxina co comisariado de exposicións.

### Alberto González-Alegre

Vigués da colleita do 57, pasou en Santiago a segunda metade dos anos setenta (período sobre o que reflexiona a exposición que acolle o CGAC e da que é comisario). Estudou Xeografía e Historia en Santiago e axiña tomou o camiño da crítica de arte. Traballou no Departamento de Arte do Museo de Castrelos, que nos anos oitenta posuía a mellor colección de arte galega contemporánea á que el contribuíu incorporando obras dos artistas máis novos. Compaxinou esta actividade coa crítica de arte. Nos anos noventa vólcase na renovación da Bienal de Pontevedra realizando exposicións como *Áreas de silencio*, *Fisuras na percepción* ou *Os paseos de Euclides*. A finais de 1997 obtivo en concurso público o posto de director da Fundación Luís Seoane da Coruña onde estivo ata 2004. Desde entón segue desenvolvendo diferentes proxectos coa plástica galega como referencia esencial do seu traballo.

### María José Iglesias Vázquez

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca (especialidade de Pintura) e pola Universidade de Vigo (especialidades de Deseño e Audiovisuais), é doutora na especialidade de Escultura. Desde 1978 vén realizando diversas exposicións de pintura. Comisaría da exposición *Apeiros do século XIX. Esculturas do século XXI*, participou coa súa obra fotográfica (*O mundo dos apeiros*) acompañada da obra escultórica de Luís Borrajo, Ignacio Basallo, Manolo Paz e Silverio Rivas. Na actualidade é profesora de Debuxo

Técnico e Educación Plástica e Visual no IES Ribeira do Louro no Porriño (Pontevedra).

### Pilar López Noya

Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi guía de salas no CGAC e técnica de actividades educativas no Museo do Pobo Galego, onde se encargou do programa compartido co CGAC *Arte e identidade cultural*. Participou en diferentes proxectos didácticos. Actualmente forma parte do equipo técnico do Museo da Catedral de Santiago de Compostela.

### Natalia Poncela

Pertence e ilustra perfectamente a nova xeración de profesionais relacionados coa promoción da creación contemporánea en Galicia. Desenvolve a súa actividade central, desde hai tres anos, como redactora xefe da revista *Art Notes* e é crítica de arte do programa *Diario cultural* da Radio Galega. Colabora habitualmente con diversas institucións na realización de ensaios para catálogos, como *Novos valores da Deputación de Pontevedra*, *Espazo documental* do CGAC ou *Parlamento de Galicia. Arte Contemporánea*. Vén de coordinar as xornadas *Artes da mediación* no CGAC, e sobresaia a súa implicación en proxectos como o comisariado da exposición *Trompe-la-mémoire* na Fundación Luís Seoane.

### Manuel Vilar Álvarez

Licenciado en Xeografía e Historia, doutor en Antropoloxía e máster en Xestión de Bens Culturais. Forma parte de varios proxectos de xestión e difusión do patrimonio cultural. É membro do consello editor de *ADRA*, revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego. Participou en congresos e é autor, entre outros, dos seguintes artigos: "A emoción da metáfora" (no catálogo de Angeles Lloveres, Rut Martínez, Elena Priegue, Consellería de Cultura, Santiago de Compostela, 1997), "As vacas tamén son boas para pensar e pintar" (en *Xurxo Martiño, Antropoética*, Galería Marisa Marimón, Ourense, 1998), "Da escultura e dos seus espazos" (en *25 anos de arte. Cadernos de pensamento e cultura*, A Nosa Terra, Vigo, 2003), "Unha visión do patrimonio e dos museos en Irlanda" (*ADRA*, nº 0, Santiago de Compostela, 2005) e "Ethnographic Museums and Essentialist Representations of Galician Identity" (en *International Journal of Iberian Studies*, 01/02/2008).

### Miguel Vázquez Freire

Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Na actualidade é profesor de Filosofía e Cultura Audiovisual no IES Eduardo Pondal de Santiago. A súa traxectoria está vinculada á posta en marcha de proxectos editoriais diversos, tanto no aspecto da difusión: a colección Merlín de literatura infantil (Edicións Xerais de Galicia), a revista de banda deseñada *Golfiño...* como na propia produción literaria que é moi extensa e abrangue desde a literatura infantil, xuvenil e para adultos, obras relacionadas co ensino da filosofía, co teatro e os medios de comunicación así como numerosos textos de carácter educativo. É membro de Nova Escola Galega así como dos grupos Enxergo e Nexos de didáctica da filosofía. Na actualidade é vicepresidente de GALIX, asociación galega de literatura infantil e xuvenil.



## Destinatarios

O curso está dirixido a profesorado de ESO e Bacharelato.

Número de participantes: 50

Entregarase certificado de asistencia.

## Inscrición

O prazo de inscrición das solicitudes para participar no curso rematará cando as prazas estean cubertas e poden dirixirse ao CGAC ou ao Museo do Pobo Galego mediante correo electrónico, teléfono ou fax indicando nome, centro de estudos e área na que imparte docencia, enderezo postal ou electrónico e teléfono de contacto.

Matrícula: 30 €

Membros da Asociación de Amigos do CGAC e do Museo do Pobo Galego: 25 €

Para formalizar a matrícula entregaremos a folla de pagamento unha vez confirmada a inscrición.

Ao remate do curso entregarase un certificado de asistencia.

Número de horas lectivas: 18